

# PROXECTO INTERDISCIPLINAR “AS BOLBORETAS”



Concurso de traballo por proxectos. Modalidade 2

CEIP QUINTELA (MOAÑA)

Curso 2015-2016

1.Introdución .....	3
1.1. Xustificación.....	3
1.2.Planificación.....	3
1.2.1. Contidos curriculares.....	3
1.2.2. Criterios de avaliación .....	4
1.2.3. Competencias clave .....	5
1.2.4. Calendario.....	6
1.2.5. Profesorado participante .....	6
2. Obxecto e temática da investigación .....	6
3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta .....	7
4. Relación de tarefas máis importantes realizadas polo alumnado .....	8
5.Recursos empregados e enumeración de fontes consultadas.....	12
6.Implicación da comunidade educativa.....	12
7.Función e participación da biblioteca escolar .....	13

# 1.Introdución

O CEIP Quintela de Moaña é un centro de 9 unidades, 3 de Ed. Infantil e 6 de Primaria, contou con 162 alumnos e alumnas no curso 2016-2017 e rexistra un notable incremento de matrícula para o vindeiro curso máis salientable nas aulas de Primaria. Integrado no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares desde o curso 2007-2008, conta cun equipo de biblioteca estable e moi activo, no que están representados os diferentes niveis educativos, o equipo directivo o equipo TIC e o EDLG. Desde esta estrutura organizativa coordínanse, para todos os niveis educativos do centro, propostas, actuacións e dinámicas relacionadas coa mellora das competencias clave. A mellora da competencia lingüística en lingua galega sobre todo a nivel oral é un dos obxectivos prioritarios destes equipos de dinamización, dada a situación sociolingüística do noso alumnado.

A biblioteca escolar adoptou un papel fundamental na mellora da práctica educativa do centro, tanto como centro de recursos e documentación inicialmente, como impulsora da educación ALFIN e dinamizadora do traballo por competencias e proxectos finalmente.

## 1.1. Xustificación

“As bolboretas” foi un dos Proxectos Interdisciplinares proposto polos alumnos e alumnas de 6º de Educación Infantil do CEIP Quintela (Moaña).

Este proxecto xurdiu a principio de curso coa elección da mascota de aula, e activouse coa proposta do Equipo de Biblioteca dende o proxecto anual “Por que?”.

Esta investigación deunos a oportunidade, grazas a motivación do alumnado, de desenvolver as competencias clave, sobre todo as relacionadas coa busca documental e o tratamento da información.

## 1.2.Planificación

### 1.2.1. Contidos curriculares

#### Área de identidade e autonomía personal

-Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.

## Área de medio físico e social

- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá.
- Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos (bolboretas).
- Observación dun ser vivo(eiruga), rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.
- Observación e identificación dalgunhas características, funcións e cambios nos seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos animais.
- Participación en proxectos e investigacións, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

## Área de Comunicación e Representación

- Participación en situacións de comunicación.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Introdución ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio para ampliar o coñecemento.
- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.

### 1.2.2. Criterios de avaliación

- Dar mostras de interesarse polos animais e os seus cambios.
- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida dos seres vivos.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

## 1.2.3. Competencias clave

### Competencia en Comunicación lingüística (CCL)

Lectura comprensiva de textos informativos.

Selección de información e posterior anotación nun mural.

Produción de textos informativos para a elaboración dun libro onde se recolle toda a información.

Exposición oral da información recollida.

Lectura de contos relacionados coa temática.

### Competencia matemática(CM)

Desenvolvemento de medicións e cálculo de estimacións.

### Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (CCIMF).

Busca e selección de información relativa as eirugas e bolboretas.

### Competencia cultural e artística (CCA).

Elaboración con material de refugallo dunha eiruga.

Decoración da aula con bolboretas feitas por eles.

### Tratamento da información e Competencia dixital (TICD).

Busca e selección de imaxes para elaborar documentos informativos.

Busca e selección de información para a elaboración de textos informativos.

Consulta no Meiga de bibliografía existente na biblioteca.

### Competencia para Aprender a aprender (CAA).

Investigación por parte do alumnado das bolboretas: ideas previas, que queremos aprender, recollida de información , conclusións, ...

### Autonomía e iniciativa persoal (AIP).

Desenvolvemento de hábitos de responsabilidade, colaboración, participación e esforzo en todo o proxecto e no coidado das eirugas da clase.

### Competencias social e cidadá (CSC).

Distribución de tarefas dentro do grupo de traballo para desenvolver as propostas.

Respecto ao traballo e aportación dos integrantes do grupo.

Colaboración coas familias nas investigacións.

## 1.2.4. Calendario

O proxecto desenvolveuse ao longo do primeiro trimestre do curso 2015-2016.

## 1.2.5. Profesorado e alumnado participante.

Participaron neste proxecto os alumnos e alumnas de 6º de Educación Infantil, así como a súa titora e a mestra de apoio de Infantil.


Contamos coa colaboración de outros grupos de alumnos do cole, ben facilitando información, ben como asistentes aos relatorios nos que se expuxeron as investigacións.

## 2. Obxecto e temática da investigación

A temática proposta polo alumnado de 6º de Infantil foron **as bolboretas e as eirugas**, proxecto que tamén se enmarcaba dentro do proxecto anual da Biblioteca Escolar.

A proposta dende a biblioteca, para o curso 2015/2016, levou por título [“POR QUE?”](#).

As propostas chegan ao alumnado a través de cartas da mascota, Paco, e así, deste xeito, todo o alumnado da escola relaciona as cartas coa necesidade de saber da mascota. Este curso, a biblioteca recibiu as propostas de cada representante de ciclo sobre o tema no que lle gustaría investigar a cada grupo. A proposta do equipo de biblioteca era que cada curso investigase sobre un tema do ámbito científico, social ou científico – tecnolóxico do seu currículo de xeito independente, para compartir despois a información co resto do alumnado do centro. O xeito estipulado para compartir esa información foi unha exposición a modo de mural no que figurasen os diferentes documentos elaborados polos grupos de cada nivel. Tratábase de que practicasen de xeito máis autónomo o proceso do traballo por proxectos .



O POR QUE? na clase de 6º de Infantil foi: **Por que as bolboretas teñen tantas cores nas ás?**

E esta foi a nosa resposta:




No resto dos niveis os POR QUE? foron os seguintes:

- 4º de Infantil: Por que as xirafas teñen o pescozo tan longo?
- 5º de Infantil: Por que os gatos se lamben?
- 1º de Primaria: Por que o calamar ou o camaleón cambian de cor?
- 2º de Primaria: Por que hibernan os animais?
- 3º de Primaria: Por que non vivimos noutros planetas?
- 4º de Primaria: Por que o fermento fai medrar o pan?
- 5º de Primaria: Por que os satélites?
- 6º de Primaria: Por que a máquina de vapor foi tan importante?

### 3. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta

Este proxecto interdisciplinar xurdiu a principio de curso coa elección da mascota da aula: "As bolboretas". O alumnado decidiu que querían investigar sobre este insecto, comezando así o noso proxecto no mes de setembro. Tamén, motivado pola temática, un alumno da aula, trouxo vermes de seda, o que causou gran expectación entre o alumnado e unha gran motivación para investigar sobre eles.

A nosa mascota da biblioteca, Paco, mandounos tamén unha carta cun POR QUE?, aproveitando xa o proxecto que tiñamos comezado, afondando así no tema que estabamos a traballar.




## 4. Relación de tarefas máis importantes realizadas polo alumnado

### Avaliación inicial

Comezamos, como en todos os proxectos coas **ideas previas** do alumnado, preguntándolle aos nenos e nenas que sabían sobre as bolboretas e as eirugas, reflexionando en voz alta sobre a información que posuían sobre este tema.

### Planificación da investigación

A continuación falamos do que **queríamos aprender** sobre estes animais, e xurdiron preguntas moi interesantes, moitas delas motivadas polo feito de ter as eirugas na aula.



### Investigación e busca da información



Decidiron que a mellor maneira de resolver as súas inquietudes era indo á nosa biblioteca do colexio para **buscar información** sobre o tema. Primeiro tivemos que indagar na flor en que número están colocados os nosos libros, traballando así, a formación de usuarios. Despois, buscamos na colección os libros de información que necesitabamos para a nosa investigación, e os levamos para a

nosa biblioteca de aula para, pouco a pouco, ir analizando a información, e gozar tamén na hora de ler na aula deses libros.

Tamén buscamos na rede imaxes e información para completar nalgúns casos as dos libros da biblioteca.




Un compañeiro da aula trouxo unhas [eirugas](#) o que conlevou unha investigación sobre as mesmas, xa que necesitabamos saber os coidados que precisaban, o que comían, que ía a pasar despois, que era o casulo,...



### Ordenar toda a información.

Anotamos toda a información que aos nenos e nenas lles pareceu interesante no mural que tiñamos na aula, e unha vez ordenada, elaboramos o [documento](#) onde recolleemos toda a información. Quedamos con ese libro na biblioteca de aula para poder consultalo na hora de ler, e ademáis cada neno e nena levou un para a súa casa.

Todo o proxecto quedou recollido nun [Power Point](#), que foi enlazado no blog na biblioteca e no blog de infantil, para que as familias valoraran o traballo feito polo alumnado.



### Compartir a información.

Os nenos e nenas, tiveron unha implicación emocional moi importante neste proxecto, xa que necesitaban investigar para coñecer as eirugas e as futuras bolboretas que ían nacer: precisaban saber como era ese proceso de transformación, que comen as eirugas e as bolboretas, que tipos de bolboretas hai e cales ían ser as nosas,... polo que unha vez que remataron a súa investigación tiñan a necesidade de contarlla aos demais nenos e nenas do colexio, para que valoraran o que eles aprenderan.



Así, que por mediación da biblioteca do colexio, prepararon un [relatorio](#) ao resto do alumnado onde explicaron con detalle todo o que aprenderan.

### A participación das familias

Visitounos un pai dun alumno, que nos explicou cales son as partes dunha bolboreta e dunha eiruga, e nos resolveu a dúbida que tiñamos se os insectos que trouxera o compañeiro eran eirugas ou vermes.



Tamén, as familias enviaron manualidades feitas na casa cos nenos e nenas e libros de información que nos resultaron de gran axuda para a nosa investigación.





### Implicación das diferentes áreas:

Realizamos lectura de contos relacionados coa temática, aínda que o máis nos gustou foi a fermosa historia de “Unha eiruga moi larpeira” de Eric Carle. Isto motivou que o alumnado quixera facer unhas eirugas con material de refugallo, que quedaron preciosas.



Traballamos a escritura dunha forma significativa, contextualizada e real para os nenos e nenas, sentindo a finalidade da escritura, xa que tiñan que explicar e deixar constancia da información que foran descubriendo.



Traballamos tamén a numeración, o contaxe, cantos temos, cantos faltan, estimacións de medida, todo en situacións reais e contextualizadas que todos os días xurdían na aula.



A expresión artística estivo tamén presente durante todo o proceso, facendo manteis para a merenda con bolboretas, decorando a nosa porta da aula, o teito e fixemos unhas eirugas con material de refugallo.



## 5. Recursos empregados e enumeración de fontes consultadas.

O alumnado empregou os recursos dos fondos documentais da biblioteca, realizando así actividades de formación de usuarios, ensinándolles aos nenos e nenas a distribución da colección e a maneira de buscar a diferente información dentro da biblioteca.

Eses libros de información atopados leváronse á aula para a posterior consulta.

Tamén realizamos buscas na rede, para información ou imaxes que queriamos atopar ou ampliar dos libros, e para coñecer os cuidados que precisaban as nosas eirugas e futuras bolboretas.

## 6. Implicación da comunidade educativa.

Neste proxecto participaron os nenos e nenas de 6º de Infantil, así como a titora e a mestra de apoio.

Participaron tamén varios cursos de Primaria. O alumnado de [5º de Primaria](#) resolveunos dúbidas dos pequenos investigadores, e os nenos e nenas de 1º e 2º de Primaria asistiron a [relatorio](#) realizada polo alumnado de 6º de Infantil na biblioteca, explicando o que aprenderan.

As [familias](#) participaron na elaboración e achega de materias e recursos para a investigación na aula, así como visitas á aula para explicacións sobre a temática a traballar por parte dunha familia, obtendo así información por outra canle, obtendo e de primeira man procedente dun experto no tema das bolboretas. Esta participación foi moi importante para o alumnado xa que trouxo consigo moitas implicacións emocionais, xa que era o pai dun neno da clase. O propio alumno sentiuse moi orgulloso dos coñecementos que posuía o seu pai e o resto do alumnado valorou positivamente a este alumno que nos proporcionaba tanta información.

## 7. Función e participación da biblioteca escolar

A biblioteca escolar promoveu e organizou algunhas das propostas que foron xurdindo ao longo do proxecto.

Facilitou os recursos necesarios para a elaboración dos documentos finais e coordinou a posta en común das investigacións na biblioteca co alumnado de Primaria como espectador.

Ocupouse así mesmo de facer públicos os documentos elaborados a través do [blog](#) (bilibotecadocole.com) e das redes sociais nas que participa.

Moaña, a 30 de xuño de 2016

A titora

Ana Fernández Durán

A directora

Isabel Vázquez Rosales